



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. En que situación será declarado o persoal estatutario fixo que acceda á praza de formación sanitaria especializada mediante residencia?

- A) Servizos de xestión clínica.
- B) Servizos baixo outro réxime xurídico.
- C) Servizos especiais.
- D) Servizo activo.

2. Quen ostenta a representación da Comunidade Autónoma de Galicia?

- A) O Parlamento de Galicia.
- B) A Xunta de Galicia.
- C) O Presidente da Xunta de Galicia.
- D) O pobo galego.

3. Dentro das retribucións do persoal estatutario dos servizos de saúde, que complemento está destinado a retribuír o especial rendemento, o interese ou a iniciativa do titular do posto?

- A) O complemento específico.
- B) O complemento de produtividade.
- C) O complemento de carreira.
- D) O complemento de destino.

4. De acordo coa Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, indique cal das seguintes afirmacións relacionadas coa historia clínica é FALSA:

- A) Os informes de alta conservaranse, como mínimo, ata que transcorran cinco anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- B) A historia clínica deberá ser claramente lexible, evitándose, no posible, a utilización de símbolos e abreviaturas.
- C) A historia clínica deberá ser única por paciente, polo menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.
- D) Calquera información incorporada á historia clínica deberá ser datada e firmada.

5. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, indique cal das seguintes afirmacións é FALSA:

- A) O Servizo Galego de Saúde está adscrito á Consellería de Sanidade.
- B) O Servizo Galego de Saúde está dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- C) Configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa.
- D) Será presidente ou presidenta do Servizo Galego de Saúde a persoa titular da Xunta de Galicia.

6. De acordo coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, indique cal das seguintes respostas é a correcta:

- A) Os servizos públicos de saúde garantirán ás mulleres que sofren ou sufriran calquera tipo de violencia de xénero que recolle a presente lei o dereito á atención sanitaria.
- B) En relación ao dereito á atención sanitaria, os servizos serán gratuítos e accesibles con carácter preferente para todas as mulleres que sufran ou sufriran violencia de xénero.
- C) A Xunta de Galicia desenvolverá programas de atención psicolóxica gratuíta destinados a homes con problemas de violencia machista.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Segundo a Constitución española, o dereito á protección da saúde está entre:

- A) Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
- B) As garantías das liberdades e os dereitos fundamentais.
- C) Os principios reitores da política social e económica.
- D) Os deberes da administración.

8. De acordo co artigo 39 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, quen dos seguintes cesará en primeiro lugar en caso de incorporación de persoal estatutario fixo?

- A) O persoal temporal en praza vacante.
- B) O persoal en promoción profesional temporal en praza vacante.
- C) O persoal asesor especialista en praza vacante.
- D) O persoal en comisión de servizos en praza vacante.

9. De acordo coa Lei de saúde de Galicia, indique cal das seguintes é unha prestación sanitaria do Sistema público de saúde de Galicia:

- A) Prestación de produtos dietéticos.
- B) Prestación de transporte sanitario.
- C) Prestación de atención primaria.
- D) As tres opcións anteriores son correctas.

10. De acordo coa Lei xeral de sanidade, cal das seguintes NON é unha obriga dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario?

- A) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións terapéuticas e sociais.
- B) Colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias.
- C) Uso adecuado das prestacións en procedementos de baixa laboral ou incapacidade permanente.
- D) Colaborar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias, nos termos establecidos nesta Lei e nas disposicións que a desenvolvan.

1. De acordo coa Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, cal dos seguintes é un principio xeral da acción preventiva?

- A) Combater os riscos no lugar onde se producen.
- B) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- C) Ter en conta a evolución da técnica.
- D) Ningunha resposta é correcta.

2. Segundo o Estatuto de autonomía de Galicia, a quen lle corresponde exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma?

- A) Ao Parlamento de Galicia.
- B) Á Xunta de Galicia.
- C) Ao Presidente da Xunta.
- D) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.